



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte.1647/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE MARZO DE 2024.

- 1.- **APROBACIÓN ACTAS:** acta da sesión ordinaria do 15 de marzo de 2024.

BENESTAR SOCIAL

- 2.- Subvencións a organizacións non gubernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional: Convocatoria de 2024. Expte. 262067/301.

COMERCIO

- 3.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo para a organización da Festa da Reconquista 2024. Expte. 10121/106.

CONTRATACIÓN

- 4.- Proposta de adxudicación da contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres. Expte. 12530/224.

DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 5.- Dar conta da Resolución do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda pola que se aproba o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2024. Expte. 91634/511.

IGUALDADE

- 6.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará durante o ano 2024. Expte. 12754/224.

RECURSOS HUMANOS

- 7.- Nomeamento dun funcionario de carreira con cargo a praza vacante de enxeñeiro técnico (A2)- OEP 2017-2018-2019. Expte. 43167/220.
- 8.- Dar conta da Resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo viceinterventora adxunta do Concello de Vigo. Expte. 42479/220.

SERVIZOS XERAIS

- 9.- Proposta de aprobación do proxecto de “Reparación estrutural da cuberta do pavillón polideportivo de Bouzas”. Expte. 6366/443.
- 10.- Proposta de aprobación do proxecto modificado nº 2 das obras de “Remodelación do enlace P.Q. 5+000 da Autoestrada AP-9V. Treitos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel de Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos”. Expte. 359/441.

TRANSPORTES

- 11.- Autorización municipal para a instalación de estacións de recarga de vehículos eléctricos e de bancadas de bicicletas eléctricas en aparcadoiros subterráneos:
 - A) Aparcadoiros sitios na avenida de Castelao e a rúa Jenaro de la Fuente. Expte. 4429/449.
 - B) Aparcadoiros sitios nas rúas Policarpo Sanz, Areal e Pintor Colmeiro. Expte. 4430/449.
 - C) Aparcadoiros sitios na rúa Urzaiz e na Praza da Independencia. Expte. 4431/449.

TURISMO

- 12.- Transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación de Vigo Convención Bureau para o seu funcionamento durante o exercicio de 2024. Expte. 8622/104.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte.1647/1102

URBANISMO

- 13.- Aprobación da modificación orzamentaria 3/2024 da Xerencia Municipal de Urbanismo (crédito extraordinario). Expte. 16520/407.
- 14.- Aprobación inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, entre a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e a Mercantil “Promociones Domingo Fernández SL”, para a ordenación e urbanización conxunta da API do espazo de cesión e do espazo público vinculado á licenza do edificio sito na rúa Urzáiz 136-138. Expte. 5309/401.
- 15.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Alcaldía o día **22 de MARZO de 2024, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez